

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro     | Concello | Ano académico |
|----------|------------|----------|---------------|
| 15021470 | IES Canido | Ferrol   | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza   | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Historia da arte            | 2º Bac. | 4                | 116            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 7             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 22            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 23            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 23            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 24            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 25            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 25            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 26            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 26            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 27            |
| 9. Outros apartados   | 28            |

## 1. Introducción

O obxecto da materia de Historia da Arte é a análise do feito artístico nas súas múltiples facetas e dimensións, non só desde unha perspectiva histórica, mediante a contextualización cultural e temporal de estilos, obras e artistas, senón entendéndoo como unha manifestación da intelixencia e da creatividade humana.

A Historia da Arte, materia coa que o alumnado tomou xa contacto na educación secundaria obrigatoria a través dos contidos de materias como Xeografía e Historia, Filosofía, Latín, Música e Educación Plástica, Visual e Audiovisual, está estreitamente vinculada co logro dos obxectivos de etapa e co desenvolvemento das competencias clave, especialmente no que compete ao cultivo da sensibilidade artística e ao desenvolvemento de criterios estéticos, entendidos ambos como aspectos esenciais da formación integral do alumnado e do seu enriquecemento cultural e persoal. Esta formación, en tanto que implica a comprensión da forma en que ideas e emocións se comunican de forma creativa a través de diversas manifestacións artísticas e culturais, relaciónase directamente coa competencia en conciencia e expresión culturais.

Dun modo máis indirecto, a aprendizaxe da Historia da arte contribúe ao logro da madurez intelectual e emocional do alumnado, proporcionándolle o coñecemento de códigos e linguaxes e promovendo o desenvolvemento do seu propio xuízo e criterio estético. Ademais, a contribución desta materia ás competencias e obxectivos mencionados ha de procurar o coñecemento das realidades do mundo contemporáneo e do seu significado estético e a adopción dunha actitude construtiva con respecto á interpretación, protección e mellora do patrimonio cultural.

A materia está estruturada ao redor de tres eixes fundamentais: a análise, a comprensión histórica e a apreciación crítica das principais manifestacións artísticas, e das súas relacións co resto de dimensións e aspectos da cultura e a experiencia humana; a incorporación da perspectiva de xénero e, por iso, entre outros aspectos, da visibilización das mulleres creadoras habitualmente excluídas do canon dominante; e a educación para a preservación, mellora e uso sostible do patrimonio histórico-artístico, entendido como elemento de desenvolvemento económico, social, ambiental e cultural.

Os obxectivos da materia inclúen aspectos sobre o recoñecemento, estudo e análise da diversidade de manifestacións artísticas, o emprego básico das linguaxes artísticas e do vocabulario da disciplina, a identificación das diversas funcións atribuíbles á produción artística, así como á súa maior ou menor vinculación con diferentes movementos, xéneros, estilos, épocas e artistas, a diferenciación de cambios estéticos nas representacións do ser humano, a comprensión contextualizada das creacións culturais como reflexo da sociedade que as xerou, o coñecemento e protección do patrimonio histórico-artístico local, nacional e internacional, e a xa citada incorporación da perspectiva de xénero ao estudo histórico da arte.

A metodoloxía empregada supón, tamén, o deseño de instrumentos múltiples e diferentes con que valorar as accións que delimitan as competencias tendo en conta a diversidade e individualidade do alumnado.

As situacións e contextos de aprendizaxes, dotarán de maior protagonismo o alumnado promovendo o traballo en equipo, procesos de indagación e investigación, creatividade e transferencia do coñecemento adquirido. As propostas didácticas inclúen metodoloxías en que se apliquen, entre outros aspectos, a análise e a valoración argumentada, así como o uso crítico e ético da información.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE | CCEC   |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|--------|
| OBX1 - Identificar diferentes concepcións da arte ao longo da historia, seleccionando e analizando información diversa de forma crítica, para valorar a diversidade de manifestacións artísticas como produto da creatividade humana e fomentar o respecto por estas.  | 3   |    |      |    | 40    | 1-3   |    | 1-32   |
| OBX2 - Recoñecer as diversas linguaxes artísticas como unha forma de comunicación e expresión de ideas, desexos e emocións, utilizando con corrección a terminoloxía e o vocabulario específico da materia, para expresar con coherencia e fluidez os seus propios xuízos e sentimentos e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais.   | 1-5 | 1  |      | 1  | 12-50 | 1     | 3  | 2-32   |
| OBX3 - Distinguir as distintas funcións da arte ao longo da historia, analizando a dimensión relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética da obra de arte, da súa produción e a súa percepción, para promover unha apreciación global e un xuízo crítico e informado destes.   |     |    |      |    | 12-40 | 1-3   |    | 1-2-32 |
| OBX4 - Identificar e caracterizar os principais movementos artísticos ao longo da historia, recoñecendo as relacións de influencia, préstamo, continuidade e ruptura que se producen entre eles, para comprender os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte e fomentar o respecto e aprecio das manifestacións artísticas de calquera época e cultura.  |     |    |      |    | 40    | 1-2-3 |    | 1-2-32 |
| OBX5 - Identificar e contextualizar espacial e temporalmente as máis relevantes manifestacións e personalidades artísticas, analizando a súa contorna social, política e cultural, e os seus aspectos biográficos, para valorar as obras e aos seus artistas como expresión da súa época e ámbito social, apreciar a súa creatividade e promover o coñecemento de diversas formas de expresión estética.           |     |    |      |    | 31-40 | 1-2-3 |    | 1-2-32 |
| OBX6 - Coñecer e valorar o patrimonio artístico no ámbito local, nacional e mundial, analizando exemplos concretos do seu aproveitamento e as súas funcións, para contribuír á súa conservación, o seu uso comprometido a favor da consecución dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible e promoción como elemento conformador da identidade individual e colectiva, e como dinamizador da cultura e da economía. |     |    |      |    | 40    | 1-2-3 | 1  | 1-2-32 |

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA    | CC    | CE | CCEC   |
|---|-----|----|------|----|----------|-------|----|--------|
| OBX7 - Distinguir e describir os cambios estéticos e os diferentes canons de beleza ao longo da historia da arte, realizando análises comparativas entre obras de diversos estilos, épocas e lugares, para formarse unha imaxe axustada de si mesmo e consolidar unha madurez persoal que permita mostrar sensibilidade e respecto cara á diversidade superando estereotipos e prexuízos. |     |    |      |    | 11-31-40 | 1-3   |    | 1-32   |
| OBX8 - Integrar a perspectiva de xénero no estudo da historia da arte, analizando o papel que ocuparon a muller e a imaxe que dela se deu nos diferentes estilos e movementos artísticos, para visibilizar as artistas e promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes.  | 5   |    |      |    | 31       | 1-2-3 |    | 1-2-32 |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                             | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | A Arte; función, tipos, técnicas   | Entenderemos a actividade artística afondando no progreso das persoas ao longo do tempo, xa que ao tratarse dun instrumento de comunicación, permitiranos entender as circunstancias que propiciaron dita actividade e sobre todo o contexto donde surxe.  | 5              | 4          | X        |          |          |
| 2  | Arte grego                         | Abordaremos o estudo de Grecia como primeiro territorio de Europa en destacar polo seu desenvolvemento artístico. Estudiaremos as influencias exipcias e orientais creando un estilo propio que evolucionará hasta o helenismo.  | 7              | 10         | X        |          |          |
| 3  | Arte romano e presenza en Hispania | A arte romana, influenciada pola grega, será o transmisor do legado clásico por todo o mediterráneo, Europa e Próximo Oriente. Unha arte urbana de vital importancia, sen a cal non se entendería o fenómeno da romanización. Estudiaremos exemplos en Hispania, unha das primeiras provincias fóra de Italia. | 7              | 9          | X        |          |          |
| 4  | Arte paleocristián e bizantino     | Nesta unidade abordaremos na súa orixe, o cristianismo, coas súas manifestacións artísticas escasas nun principio. Explicaremos a división do Imperio romano en Occidente e Oriente, é dicir o Imperio   | 7              | 8          | X        |          |          |

| UD | Título                         | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4  | Arte paleocristián e bizantino | Bizantino hasta o seu máximo esplendor durante o reinado de Xustiniano, no século VI.   | 7              | 8          | X        |          |          |
| 5  | Arte prerrománico              | Tras as invasións bárbaras e a caída do Imperio romano de Occidente, surxen reinos independentes, evolucionando de forma diferente. Os visigodos, asentáronse en Hispania, creando un reino independente con capital en Toledo. Os francos desenvolven a arte carolinxia ao tempo que en Asturias nace a arte asturiana. Para finalizar estudiaremos a arte mozárabe ou de repoboación nos territorios dominados polos musulmáns. | 7              | 8          | X        |          |          |
| 6  | A arte románica                | Abordaremos o románico desde finais do século X hasta principios do século XII desenvolvéndose nos reinos cristiáns e extendéndose por Europa, como un estilo con características comúns, considerado como a primeira arte de carácter internacional.   | 7              | 9          | X        |          |          |
| 7  | A arte gótica                  | A mediados do século XII, na illa de Francia, surxe un novo estilo que rompe coa tradición do románico: o gótico. A orde do Císter fixo unha labor de propagación. Estudiaremos a época de construción das grandes catedrais europeas, o resurxir das cidade e o auxe da burguesía.   | 7              | 8          |          | X        |          |
| 8  | O Renacemento                  | A principios do século XV comeza en Italia unha renovación das artes. O renacemento italiano comprende dous grandes períodos: o Quattrocento e o Cinquecento e o manierismo. Baixo o patrocinio da igrexa católica xunto coa aparición de grandes familias que exerceron un forte mecenazgo artístico.  | 7              | 8          |          | X        |          |
| 9  | O Renacemento europeo          | A finais do século XV asistimos a un crecemento económico en Europa. Paralelamente ao Renacemento italiano nace en Flandes un renacer artístico que influirá na arte europea.   | 6              | 7          |          | X        |          |
| 10 | O Barroco                      | Exténdese desde principios do século XVII hasta mediados do século XVIII. É un estilo recargado con profusión de movemento e sentido teatral. Estudiaremos a grande influencia da igrexa contrarreformista.   | 7              | 7          |          | X        |          |
| 11 | A arte barroca en Europa       | Influenciado directamente polo barroco italiano desenvólvese polo resto de Europa. A través das grandes monarquías absolutistas a arte acrecentou a súa grandeza e ideais.  | 6              | 7          |          | X        |          |
| 12 | O Neoclasicismo                | Opostamente ao Barroco estudaremos o Neoclasicismo, no que a arquitectura   | 6              | 6          |          |          | X        |

| UD | Título   | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 12 | O Neoclasicismo                                      | gañará importancia sobre as demais. O auxe da Ilustración continuou durante o século XVIII, durante o cal artistas da talla de Goya tiveron un papel decisivo na renovación da linguaxe artística.        | 6              | 6          |          |          | X        |
| 13 | Arte do século XIX                                   | O século XIX foi unha época de moitas transformacións. Os grandes imperios e os cambios sociais e ideolóxicos veranse reflexados nas diversas correntes culturais.  | 7              | 8          |          |          | X        |
| 14 | Arte da primeira metade do século XX                 | O crecemento das cidades modernas, as consecuencias das dúas guerras mundiais marcaron a evolución da arquitectura e das artes plásticas a través das vangardas.  | 7              | 9          |          |          | X        |
| 15 | Arte da segunda metade do século XX e comezos do XXI | A arquitectura continuará co seu camiño de exploración. Abordaremos as principais tendencias artísticas da segunda metade do século e descubriremos os novos medios expresivos: a cultura visual de masas | 7              | 8          |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                     | Duración |
|----|----------------------------------|----------|
| 1  | A Arte; función, tipos, técnicas | 4        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.  | Explicar mediante producións históricas propias e alleas a definición de arte como concepto histórico-cultural. Entender a arte como unha forma de comunicación cos seus propios códigos de transmisión | PE | 100 |
| CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas. | O alumnado é capaz de crear comentarios de obras artísticas utilizando as ferramentas propias para o análise dunha obra concreta: elementos técnicos, formais e estilísticos.                           |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O debate sobre a definición de arte. O concepto da arte ao longo da historia.</li> <li>- A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| - Ferramentas para a análise da obra de arte: elementos técnicos, formais e estilísticos. Estudo iconográfico e significado, identificación, contextualización e relevancia da obra. A análise comparativa. |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2         | Arte grego          | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.          | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de varias obras da arte grega e as diversas formas de manifestación. | PE        | 40       |
| CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.                                     | Clasificar e comparar mediante obras de diversas épocas a evolución da arte grega.   | TI        | 60       |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.                                 | Analizar mediante fontes históricas de diversos tipos os antecedentes e a plenitude da arte grega, chegando ao helenismo.  |           |          |
| CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador. | Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte grega, incidindo nas influencias, préstamos e continuidades.           |           |          |
| CA2.4 - Elaborar argumentos propios sobre a noción de beleza, comparando canons e obras de diversos tipos, estilos, épocas e lugares, apreciando a diversidade como fonte de enriquecemento, superando estereotipos e prexuízos, e promovendo a formación dunha imaxe axustada de si mesmo.                    | Demostrar mediante fontes históricas diversas o concepto de beleza, canon a partir de obras de diversos tipos, estilos e épocas.   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. |
| - Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte.                |
| - A arte como instrumento máxico-ritual ao longo da historia.                          |



### Contidos

- O clasicismo grego: antecedentes, plenitude e helenismo.

| UD | Título da UD                       | Duración |
|----|------------------------------------|----------|
| 3  | Arte romano e presenza en Hispania | 9        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas. | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de varias obras da arte romana e as diversas formas de manifestación.       | PE | 40 |
| CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.                            | Describir por medio de diversas fontes histórico-artísticas a arte de Roma como mecanismo de dominación e control.  | TI | 60 |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.                        | Diferenciar comparativamente o valor propagandístico da arte romana analizando por medio de fontes artísticas as súas múltiples dimensións.                                       |    |    |
| CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.                                       | Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte romana, sobre todo en Hispania, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.                   |    |    |
| CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.                           | Valorar a conservación e promoción do patrimonio artístico herdado da arte romana, sobre todo en Hispania e Gallaecia, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas. |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.
- A arte como dispositivo de dominación e control: desde as primeiras civilizacións urbanas ata o século XIX.
- Arte e romanización: a obra civil romana.
- A arte e o seu valor propagandístico: desde o mundo antigo ata o século XIX.

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| - Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos. |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>            | <b>Duración</b> |
|-----------|--------------------------------|-----------------|
| 4         | Arte paleocristián e bizantino | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.                     | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte bizantina e as diversas formas de manifestación.         | PE        | 60       |
| CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas. | Utilizar a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte paleocristiana e bizantina.   | TI        | 40       |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.  | Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte bizantina e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. |
| - A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas.            |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5         | Arte prerrománico   | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.                     | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte de estilo prerrománico e as diversas formas de manifestación. | PE        | 40       |
| CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas. | Utilizar a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte prerrománica.  | TI        | 60       |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.  | Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte prerrománica e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.   |           |          |
| CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.   | Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte romana, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas e relacionar coa arte dos prerrománicos.      |           |          |
| CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.  | Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestación dos prerrománicos analizadas a través dos seus contextos históricos.                                  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.</li> <li>- A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas.</li> <li>- A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica.</li> <li>- A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6         | A arte románica     | 9               |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.                     | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte de estilo románico e as diversas formas de manifestación.                  | PE        | 40       |
| CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas. | Utilizar a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte románica.   | TI        | 60       |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.  | Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte románica e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.                    |           |          |
| CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.   | Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte prerrománica, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.   |           |          |
| CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.  | Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestacións do románico analizadas a través dos seus contextos históricos e incidindo no seu aspecto de dominación e control. |           |          |
| CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.   | Recoñecer por medio do estudio de obras artísticas a través de diversas fontes e in situ, da importancia da conservación e uso da arte románica en españa e galicia.                              |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.</li> <li>- A arte como dispositivo de dominación e control: desde as primeiras civilizacións urbanas ata o século XIX.</li> <li>- A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas.</li> <li>- A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica.</li> <li>- A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.</li> <li>- O patrimonio artístico: preservación, conservación e usos sostibles. Museografía e museoloxía.</li> </ul> |

| UD | Título da UD  | Duración |
|----|---------------|----------|
| 7  | A arte gótica | 8        |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.                     | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte de estilo gótico e as diversas formas de manifestación. | PE | 60 |
| CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas. | Utilizar a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte gótica.  | TI | 40 |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.  | Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte gótica e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.   |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.</li> <li>- A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas.</li> <li>- A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica.</li> </ul> |

| UD | Título da UD  | Duración |
|----|---------------|----------|
| 8  | O Renacemento | 8        |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.          | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do renacemento e as diversas formas de manifestación.                             | PE        | 40       |
| CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.                                     | Describir por medio de diversas fontes histórico-artísticas que préstamos e influencias exerceu a arte do renacemento.   | TI        | 60       |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.                                 | Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función social, política e relixiosa da arte renacentista.   |           |          |
| CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador. | Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte do renacemento, incidindo nas influencias, préstamos e continuidades.                                |           |          |
| CA2.4 - Elaborar argumentos propios sobre a noción de beleza, comparando canons e obras de diversos tipos, estilos, épocas e lugares, apreciando a diversidade como fonte de enriquecemento, superando estereotipos e prexuízos, e promovendo a formación dunha imaxe axustada de si mesmo.                    | Demostrar mediante fontes históricas diversas o concepto de beleza, canon a partir de obras de diversos tipos, estilos e épocas.   |           |          |
| CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.                                   | Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestacións do renacemento, analizadas a través dos seus contextos históricos e incidindo no seu aspecto de mecenado e coleccionismo |           |          |
| CA4.2 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.  | Recoñecer por medio do estudio de obras artísticas a través de diversas fontes e in situ, da importancia da conservación e uso da arte renacentista en españa e galicia.                                 |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.</li> <li>- Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte.</li> <li>- A arte renacentista: Quattrocento e Quinquecento. O Renacemento en España: Juan de Herrera e O Greco.</li> </ul> |

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pintura e perspectiva: a conquista da terceira dimensión.</li> <li>- Arte e identidade individual: a necesidade de representarnos. A imaxe do corpo humano. O xénero do retrato. A evolución na imaxe do artista.</li> <li>- A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.</li> <li>- Arte, mecenado e coleccionismo como elementos de diferenciación social.</li> </ul> |

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 9  | O Renacemento europeo | 7        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.                     | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do renacemento europeo e español e as diversas formas de manifestación. | PE | 60 |
| CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas. | Distinguir mediante diversas fontes histórico-artísticas a variedade de códigos e linguaxes. O sentido da iconografía.   | TI | 40 |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.  | Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función social, política e relixiosa da arte renacentista europea e española.  |    |    |
| CA4.2 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.   | Recoñecer por medio do estudo de obras artísticas a través de diversas fontes e in situ, da importancia da conservación e uso da arte renacentista en España e Galicia.                        |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético.</li> <li>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.</li> <li>- A arte renacentista: Quattrocento e Quinquecento. O Renacemento en España: Juan de Herrera e O Greco.</li> </ul> |

| Contidos  |
|---|
| - Arte, mecenado e coleccionismo como elementos de diferenciación social. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 10 | O Barroco    | 7        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.                     | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do barroco e as diversas formas de manifestación. | PE | 40 |
| CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas. | Utilizar a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte barroca.   |    |    |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.  | Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función relixiosa e propagandista da arte barroca e a creación de espazos arquitectónicos.     |    |    |
| CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.            | Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte do barroco, incidindo na linguaxe artística como comunicación.       | TI | 60 |
| CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.   | Identificar mediante traballos de investigación as principais figuras femininas dentro do barroco.   |    |    |
| CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.   | Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte barroca, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.           |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético.</li> <li>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.</li> <li>- Barroco e Contrarreforma en Italia e España: obras esenciais en arquitectura, escultura e pintura. Arquitectura barroca galega.</li> <li>- A arte e o seu valor propagandístico: desde o mundo antigo ata o século XIX.</li> <li>- A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte.</li> <li>- Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>      | <b>Duración</b> |
|-----------|--------------------------|-----------------|
| 11        | A arte barroca en Europa | 7               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.          | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do barroco español e galego e as diversas formas de manifestación.        | PE        | 40       |
| CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.                                     | Clasificar e comparar mediante fontes artísticas de diversos tipos e diversas épocas a evolución da arte barroca en Europa.  | TI        | 60       |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.                                 | Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función relixiosa e propagandista da arte barroca e a creación de espazos arquitectónicos.                             |           |          |
| CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador. | Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte do barroco español, incidindo na linguaxe artística como comunicación.                       |           |          |
| CA4.2 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.  | Distinguir mediante comentarios de documentos histórico-artísticos a variedade de códigos e linguaxes, símbolos e iconografía utilizada na arquitectura, escultura e pintura do barroco español. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético.</li> <li>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.</li> <li>- Barroco e Contrarreforma en Italia e España: obras esenciais en arquitectura, escultura e pintura. Arquitectura barroca galega.</li> <li>- A arte e o seu valor propagandístico: desde o mundo antigo ata o século XIX.</li> <li>- Arte, mecenado e coleccionismo como elementos de diferenciación social.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 12        | O Neoclasicismo     | 6               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas. | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do Neoclasicismo e as diversas formas de manifestación. | PE        | 40       |
| CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.  | Explicar mediante producións históricas propias e alleas o papel academicista no século XVIII.   | TI        | 60       |
| CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.                            | Describir por medio de diversas fontes histórico-artísticas que préstamos e influencias exerceu a arte do renacemento con respecto á arte neoclásica.                          |           |          |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.                        | Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función política e propagandista da arte do neoclasicismo e a creación de espazos arquitectónicos.   |           |          |
| CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.                           | Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte neoclásica, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.              |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.</li> <li>- Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte.</li> <li>- O papel das academias no século XVIII. O neoclasicismo.</li> <li>- Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos.</li> <li>- Arte e intervención no territorio: o urbanismo como arte.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 13        | Arte do século XIX  | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.                     | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do XIX e as diversas formas de manifestación.            | PE        | 40       |
| CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas. | Distinguir mediante diversas fontes histórico-artísticas a variedade de códigos e linguaxes, sentimentos e emocións durante o século XIX.                                       | TI        | 60       |
| CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.  | Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestacións do século XIX, analizadas a través dos seus contextos históricos e incidindo nos seus aspectos. |           |          |
| CA3.3 - Coñecer e analizar criticamente a imaxe que se deu da muller na historia da arte, mediante a análise comparativa de obras de distintas épocas e culturas nas que se representen figuras, roles, símbolos e temas relacionados coa feminidade.   | Subraiar mediante o estudio de diferentes fontes histórico-artísticas o tratamento da imaxe que se deu da muller durante esta época artística comparándoa con outras.           |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.</li> <li>- A arte como idioma de sentimentos e emocións. A natureza e a representación das emocións. O romanticismo.</li> <li>- Pintura española do século XIX: Goya.</li> </ul> |

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o pensamento ilustrado ata o século XIX. O realismo.</li> <li>- Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade.</li> <li>- A pintura impresionista.</li> <li>- A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                         | Duración |
|----|--------------------------------------|----------|
| 14 | Arte da primeira metade do século XX | 9        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.          | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte das primeiras vangardas e as diversas formas de manifestación.             | PE | 50 |
| CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.   | Explicar mediante producións históricas propias e alleas a arte como unha forma de dominación e control cos seus propios códigos de transmisión.  | TI | 50 |
| CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador. | Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte das primeiras vangardas.  |    |    |
| CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.                                   | Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestacións da primeira metade do século XX, analizadas a través dos seus contextos históricos e incidindo nos seus aspectos. |    |    |
| CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.  | Identificar mediante traballos de investigación as principais artistas femininas dentro da arte da primeira metade do século XX.  |    |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas. | Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte da primeira metade do século XX, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.</li> <li>- Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade.</li> <li>- Vangardas e novas formas de expresión.</li> <li>- A arte como dispositivo de dominación e control: desde o século XIX á sociedade contemporánea.</li> <li>- A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte.</li> <li>- Arquitectura do século XX. Principais arquitectos do século XX.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                                  | <b>Duración</b> |
|-----------|--|-----------------|
| 15        | Arte da segunda metade do século XX e comezos do XXI | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas. | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte das segundas vangardas e as diversas formas de manifestación. | PE        | 40       |
| CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.  | Explicar mediante producións históricas propias e alleas a arte como valor propagandístico, como medio de progreso, como expresión cos seus propios códigos de transmisión.          |           |          |
| CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.                                 | Identificar mediante traballos de investigación as principais figuras femininas dentro das segundas vangardas e os comezos do século XXI.  | TI        | 60       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas. | Recoñecer por medio do estudio de obras artísticas a través de diversas fontes e in situ, da importancia da conservación e uso da arte en españa e galicia. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.</li> <li>- Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade.</li> <li>- A arte e o seu valor propagandístico: desde o século XIX á actual sociedade de consumo.</li> <li>- A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o século XX á actualidade.</li> <li>- A arte como expresión dos avances tecnolóxicos: desde a Revolución Industrial ata a era dixital.</li> <li>- Arte e realidade: imitación e interpretación. A revolución da fotografía e do cinema.</li> <li>- A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte.</li> <li>- Arquitectura, urbanismo e deseño sostible. A contribución da arte aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Arte e medio ambiente.</li> <li>- O patrimonio artístico: preservación, conservación e usos sostibles. Museografía e museoloxía.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Hª da arte, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o profesorado despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesorado deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

Para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais e en concreto da Historia da Arte o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación                                 |
|--|
| Apuntamentos do profesor                     |
| Blog do profesor                             |
| Aula virtual do centro                       |
| Portfolio do alumnado                        |
| Fichas fotocopiáveis                         |
| Presentacións interactivas por medio de apps |
| Material audiovisual                         |
| Gamificación                                 |
| Novela histórica e novela gráfica            |

Para a práctica e desenvolvemento na aula contamos cunha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do profesorado nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado polo profesorado, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, o profesorado utilizará o seu propio blog didáctico a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, comentar textos...) así como presentacións interactivas feitas por medio de apps.

O alumnado pode utilizar o seu portfolio de traballo, que será observado e avaliado polo profesorado. Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual, utilizada como repositorio de contidos avaliábeis.

As novelas históricas e gráficas serán tratadas como apoio aos contidos dunha forma lúdica. A gamificación por medio de cuestionarios (Kahoot, quizz), daralle un punto divertido e lúdico ao ensino-aprendizaxe.

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

A proba inicial ou diagnóstica realizarase ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións

que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación. Dita proba inicial realizárase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates, visionados de material audiovisual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1     | UD 2     | UD 3     | UD 4     | UD 5     | UD 6     | UD 7     | UD 8     | UD 9     | UD 10    |
|-----------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>5</b> | <b>7</b> | <b>7</b> | <b>7</b> | <b>7</b> | <b>7</b> | <b>7</b> | <b>7</b> | <b>6</b> | <b>7</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 100      | 40       | 40       | 60       | 40       | 40       | 60       | 40       | 60       | 40       |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 0        | 60       | 60       | 40       | 60       | 60       | 40       | 60       | 40       | 60       |

| Unidade didáctica           | UD 11    | UD 12    | UD 13    | UD 14    | UD 15    | Total      |
|-----------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>6</b> | <b>6</b> | <b>7</b> | <b>7</b> | <b>7</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 40       | 40       | 40       | 50       | 40       | <b>48</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 60       | 60       | 60       | 50       | 60       | <b>52</b>  |

### Criterios de cualificación:

Nas unidades didácticas establece-se o peso orientativo que se lle da aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe entre corenta e sesenta por cento, dependendo da unidade.

En canto as táboas de indicadores (tratamento de textos, traballos, portfolio do alumno, exposicións orais, debates) pondéranse entre un dez e un corenta por cento, segundo cada unidade.

Nas probas escritas irá indicado o valor de cada pregunta e puntuárase sobre 9. No tocante á cualificación dos traballos e demais elaboracións xunto co portfolio do alumnado empregáranse as rúbricas facéndose a media do valor dado ás categorías da rúbrica.

Desta maneira os criterios de cualificación quedarían da seguinte maneira:

- probas escritas un 90%
- outros indicadores 10%

Se un alumno/a é descuberto copiando nun exame, falando cun compañeiro/a ou utilizando aparellos electrónicos cualifícase-lle cun 0, e suspenderá dita avaliación.

### Criterios de recuperación:

En canto aos criterios de recuperación determínase un 90% para as probas escritas ao que se lle aplicará, en consecuencia, e sumará o 10% dos outros indicadores xa valorados nas diferentes avaliacións. Se o profesorado o considera oportuno deberá presentar, obrigatoriamente as actividades de reforzo que se lle entreguen.

Os traballos propostos serán titorizados polo profesorado para aclarar as dúbidas que se lle presenten ao alumnado e para facer o seguimento da realización do mesmo.

As probas escritas faranse por trimestre, e puntuáranse sobre dez e figurando o seu valor en cada pregunta.

Se o alumnado ten cualificadas negativamente dúas avaliacións, realizará ao final de curso unha proba global que incluírá toda a materia do curso, aplicándolle os mesmos criterios de recuperación xa aplicados en cada trimestre.



## 6. Medidas de atención á diversidade

As vixentes disposicións e normas indican, tamén no bacharelato, que se debe dar un tratamento específico ao alumnado que, polas súas circunstancias, o precisen e, polo tanto, facer as adaptacións curriculares necesarias.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

O profesorado seleccionará de entre todos os contidos os que mellor se adapten aos niveis do seu alumnado. O proceso de avaliación servirános tamén para facer o tratamento diferenciado ao distinto alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas nesta programación, descubriremos as carencias e deficiencias fundamentais e, por conseguinte, propoñeremos as tarefas axeitadas para alcanzar os obxectivos específicos adecuados ao alumnado.

En xeral, procurarase proporcionar ao alumnado, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Comunicación audiovisual                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Competencia dixital                      |      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico |      |      | X    |      |      |      |      | X    |
| ET.5 - Educación emocional e en valores         |      | X    |      | X    |      | X    |      | X    |
| ET.6 - Igualdade de xénero                      |      | X    |      |      |      |      |      | X    |
| ET.7 - Creatividade                             | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|   | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | UD 15 |
|---|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral     | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.2 - Comunicación audiovisual                 | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.3 - Competencia dixital                      | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico |      | X     |       | X     | X     |       |       |
| ET.5 - Educación emocional e en valores         |      | X     |       |       | X     |       | X     |

|                            | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | UD 15 |
|----------------------------|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| ET.6 - Igualdade de xénero |      | X     |       |       | X     | X     | X     |
| ET.7 - Creatividade        | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     |

#### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos-artísticos.

A comunicación audiovisual será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

Importante na materia de Historia da arte será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                     | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------------|---|----------|----------|----------|
| Visitas a exposicións e museos | Actividade complementaria programada ao inicio do curso |          | X        |          |
| Viaxes culturais               | Actividade complementaria programada ao inicio do curso |          |          | X        |
| Roteiros histórico-artísticos  | Actividade complementaria programada ao inicio do curso | X        |          |          |

#### Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

Estas actividades están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula, previa á saída, da UD correspondiente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Realiza avaliación inicial   |
| Avalía según os criterios de avaliación da programación  |

|  |
|--|
| Ofrece posibilidades de recuperación   |
| Metodoloxía empregada  |
| Planifica, ensina e avalía   |
| Consigue motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras  |
| A práctica docente é innovadora  |
| Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axietdas 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empréganse diferentes instrumentos de avaliación |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos   |
| Demostra coñecemento da materia  |
| Emprega unha grande variedade de recursos  |
| Medidas de atención á diversidade  |
| As explicacións son axeitadas ao grupo clase   |
| Atende e resolve as dúbidas  |
| Clima de traballo na aula  |
| Revisa a realización das tarefas   |

### Descrición:

A práctica do proceso do ensino e a práctica docente realizarse por medio de rúbricas e táboas con niveis de indicadores de logro cunha escala de valoración que irá de Aceptable, Boa e Mellorable. Este cuestionario-rúbrica será proporcionado ao alumnado ao finalizar cada avaliación. Para a valoración do proceso de ensino, disporese dun cuestionario de autoavaliación sobre a programación cos indicadores de logro que serán valorados nunha escala de 1 a 10.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que impartan as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento. Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso. Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.

- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

## **9. Outros apartados**